

Resolución núm. 2024/1462

Expediente: 2023/13869G

RESOLUCIÓN

Cesamento de don Lino González García en réxime de persoal eventual como asesor do Grupo Provincial Popular

Unha vez visto que o día 15 de setembro de 2023 esta Presidencia ditou resolución na que se nomeaba en réxime de persoal eventual a don Lino González García como asesor do Grupo Provincial Popular.

Unha vez visto que o día 4 de febreiro de 2024, don Lino González García presentou a súa renuncia como asesor do Grupo Provincial Popular en réxime de persoal eventual no Rexistro Xeral desta Deputación (núm. Anotación 2024005662).

De conformidade co establecido no artigo 104.2 da Lei 7/1985 de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local e o 176 do Real Decreto Lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das Disposicións Legais vixentes en materia de Réxime Local regula ao persoal eventual. O nomeamento e cese deste tipo de persoal é libre e corresponde á Presidencia da entidade local.

Polo exposto, DISPOÑO:

1.- Acordar o cesamento de don Lino González García como asesor do Grupo Provincial Popular en réxime de persoal eventual con efectos do día 4 de febreiro de 2024.

2.- A presente resolución será obxecto de publicación no Boletín Oficial da Provincia, sen prexuízo da súa notificación ao interesado.

Así o dispón e o asina a Presidencia, en Ourense, na data que consta na sinatura electrónica deste documento. Dou fe.